

Que é a fase de saída ao mercado?

É o **asesoramento técnico especializado** a tódalas persoas participantes no Plan Integral de Agricultura Ecolóxica para crear empresas no rural vinculadas á agricultura ecolóxica.

Dentro desta fase axudarémoste a emprender un negocio sostible.

Por que?

Porque a agricultura ecolóxica non ten impacto negativo no medioambiente. Asegura salubridade ao non utilizar fertilizantes nin pesticidas químicos.

Para que?

Para crear calidade de vida para as persoas, conservar os solos e a biodiversidade e evitar a contaminación.

**Queres
iniciarte na
agricultura
ecolóxica?
Nos
axudarémoste!!**

Solicita máis información en:

Teléfono 982 886 349
Horario L-X: 9-14 h. e de 16-19 h.
V: 9-15 h.
www.planintegralagricola.info
piagricultura@deputacionlugo.org

Emprendamos un negocio sostible



**PLAN INTEGRAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO SECTOR
AGRÍCOLA, CANDEIRO E AGROFORESTAL**

Agricultura ecolóxica

En España está legalmente regulada dende 1989, ano no que se aprobou o Regulamento da Denominación Xenérica Agricultura Ecolóxica.

Actualmente dita produción está regulada polo Regulamento (CE) Nº 834/2007 do Consello de 28 dexuño de 2007 sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) Nº 2092/91.

En Galicia, o CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica) é o encargado de controlar a produción ecolóxica en todo o territorio galego.

O consumo de produtos ecolóxicos asegura salubridade ao non utilizar na produción fertilizantes e pesticidas químicos, contribuíndo indirectamente a manter o equilibrio ecolóxico e o entorno, así como a seguridade, ao estar protexidos por unha estrita normativa de calidade e control. Ademais a agricultura ecolóxica ofrece:

- Conservación dos solos ao afectar en menor medida aos seus compoñentes naturais e buscar o mantemento da súa fertilidade.
- Conservación da biodiversidade das especies naturais.
- Limitacións aos problemas de contaminación de augas e solos provocados pola utilización abusiva de fertilizantes e pesticidas químicos.
- Fixación de poboacións nos núcleos rurais ao desenvolver un modelo agrícola sostible

Empresa convencional VS empresa sostible

Os novos retos e oportunidades que aparecen na empresa do século XXI deron lugar á necesidade de orientar o crecemento cara un modelo de desenvolvemento e crecemento xerador de valor no largo prazo.

A empresa convencional traballa para ofrecer beneficios aos seus accionistas e de ela se distingue aquelas que tratan de aplicar parte dos beneficios a paliar en parte os prexuízos que producen. Estas empresas que se denominan socialmente responsables son a avanzadilla da nova empresa do século XXI.

De elas están facendo novos deseños empresariais que tratan de satisfacer as necesidades dun maior número de partes interesadas poñendo a traballar máis capitais que o financeiro. Novas empresas que non ven no medio ambiente ou na creación dun mundo máis xusto unha ameaza, senón unha oportunidade de incalculables beneficios.

Un negocio sostible é un tipo de empresa que non ten impacto negativo no ambiente global, a sociedade ou a economía. Trátase dun negocio que loita por lograr un triplo resultado positivo (económico, social e ambiental). Con frecuencia, os negocios sostibles teñen políticas progresistas en canto aos dereitos humanos e o ambiente.

O que move a un emprendedor consciente a crear unha empresa sostible non é o diñeiro, senón algo moito mais valioso, a conciencia de que a súa función profesional é crear riqueza e calidade de vida para as persoas que a constitúen, xerando o menor impacto medioambiental posible no entorno no que opera.

Cales son as boas prácticas agrarias?

Considéranse boas prácticas agrarias aquelas técnicas e pautas xerais que debe aplicar todo agricultor responsable coa súa explotación, para unha mellor orientación no desenvolvemento dos seus traballos agrarios, para asegurar o respecto, protección e mellora do medio ambiente.

As empresas e operadores agrarios, ademais de cumprir coa normativa actual aplicable en agricultura, gandería e conservación da natureza, comprométese a seguir e respectar as recomendacións que se indican a continuación:

- Conservación do solo
- Utilización óptima da enerxía
- Utilización eficiente da auga
- Conservación da biodiversidade
- Utilización racional de fertilizantes
- Utilización racional de fitosanitarios
- Redución da contaminación de orixe agrario
- Sanidade animal
- Carga gandeira